FERNANDO SUAREZ BARCIA (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 03/12/2019
HASH: 8752ad2ef69d35b5d32a8e86ecc0ea1a

Expediente núm.: 2708/2019

ANUNCIO

CONVOCATORIA CONTRATACION DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Postos:

Un profesor/a de **Violín** durante os períodos de incapacidade temporal por risco do embarazo e maternidade:

MATERIA	HORAS INDIVIDUAIS	HORAS COLECTIVAS	TITORÍAS/ CLAUSTROS	TOTAL HORAS	Nº DE DÍAS Á SEMANA
VIOLIN	12,00	5,00	1,50	18,50	5

* Horario xa marcado pola dirección do centro.

Un profesor/a de **percusión, percusión tradicional e linguaxe musical** durante o período de permiso por paternidade:

MATERIA	HORAS INDIVIDUAIS	HORAS COLECTIVAS	TITORÍAS/ CLAUSTROS	TOTAL HORAS	Nº DE DÍAS Á SEMANA
PERCUSIÓN	22,50	13,50	1,50	37,50	5

*** Horario xa marcado pola dirección do centro.**

REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

Xerais: Cumprir os requisitos de nacionalidade, idade e capacidade funcional previstos nos artigos 56 e ss. do Estatuto Básico do Empregado Público (RDL 5/2015, de 30 de outubro)

Específicos: Ademais dos establecidos con carácter xeral para o acceso á Función Pública na lexislación vixente será necesario estar en posesión da titulación correspondente a mestre especialista en educación musical ou de calquera das titulacións sinaladas na Circular 12/2006 pola que se establecen as titulacións que deberá posuír o profesorado que imparta a docencia nas Escolas de Música e de Danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

FUNCIÓNS: As propias na súa categoría profesional no ámbito da Escola Municipal de Música e Danza, concretamente a impartición durante o período de contrato das clases pertinentes nas disciplinas ou especialidades sinaladas así como o desenvolvemento das labores inherentes ao posto relativas á xestión administrativa e demais traballos necesarios conforme ás directrices que se fixen ao longo do período pola Dirección da Escola e Concellaría-Delegada correspondente.

Cod. Validación: 59P3LQRC3YS5HRJQXMPF2THLR | Corrección: http://ribadeo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 4

TIPO DE CONTRATO E PRAZO: Obra ou Servizo determinado (Interinidade), art. 4 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, artigo 2º.

RETRIBUCIÓNS: As retribucións mensuais íntegras serán de **11,765 € brutos/hora de traballo efectivo.**

CRITERIOS DE SELECCIÓN:

1.- VALORACIÓN DE MÉRITOS:

I.- PUNTUACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS:

a) Por cada mes como desempregado/a: **0,01 puntos** (máximo 2,00 puntos)
(Acreditacións obrigatorias requiridas: Documento acreditativo de rexistro como demandante de emprego (tarxeta de emprego) onde conste data de inscrición como demandante de emprego, de non constar a data de inscrición na tarxeta de emprego, será necesario presentar, ademais da tarxeta, informe do servizo público de emprego onde se recolla a data de inscrición).
b) Por discapacidade do solicitante compatíbel co posto de traballo, igual ou superior ao 33%: **1,00 punto**
(Acreditacións obrigatorias requiridas: Certificado do grado de discapacidade emitido pola Área de Servizos Sociais da Delegación Provincial da Vicepresidencia da Xunta de Galiza, Certificado-Informe do INSS ou da Tesourería Xeral da Seguridade Social a maiores do que se acredite que o solicitante pode compatibilizar o traballo ao que pretende acceder coa discapacidade que padece).

II.- PUNTUACIÓN DA EXPERIENCIA PROFESIONAL:
a) Por cada mes de servizos prestados nas Administracións públicas relacionados co posto a desempeñar na mesma categoría e referidos aos últimos 4 anos: **0,15 puntos/mes**

(Acreditación: Informe de Vida Laboral e Certificado de Servizos prestados para esa Administración ou contratos cotexados)

b) Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas relacionados co posto a desempeñar na mesma categoría e referidos aos últimos 4 anos: **0,10 puntos/mes**
(Acreditación: Informe de Vida Laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).
A suma da puntuación dos apartados de experiencia profesional non poderá exceder de 12,00 puntos.

III.- PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS ACADÉMICOS:
a) Por cada curso de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas Administracións Públicas o Entidades dependentes das mesmas homologadas, e relacionados coas funcións propias da categoría á que se opta:
Máximo 3 puntos.
De 10 a 40 horas: **0,10 puntos por curso**
De 41 a 100 horas: **0,20 puntos por curso**
De 101 a 300 horas: **0,40 puntos por curso**
De 301 a 500 horas: **0,60 puntos por curso**
De 501 en adiante: **1,00 punto por curso**
(Acreditación: copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizado curso, na que conste o número de horas de formación realizada)
b) Por posuír en relación coa categoría á que se opte, unha titulación académica distinta:
b.1) Título Superior dalgún instrumento musical ou Titulación de Profesor de Plan 66 dalgún instrumento distinto a praza que se opta: **1,75 puntos por título**

Cod. Validación: 59P3LQRC3YS5HRJQXMPF2THLR | Corrección: http://ribadeo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 4

b.2) Outra titulación superior diferente da indicada no punto anterior, xa sexa licenciatura, doutorado ou máster, relacionada coas funcións a desempregar: **1,75 puntos por titulo** (Acreditación: copia compulsada do título)

2.- EXERCICIO DE IDIOMA GALEGO.

De carácter obrigatorio e non eliminatorio.

Consistirá na traducción directa do castelán ao galego dun texto, proposto polo organo de selección inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de diccionario.

Este exercicio cualificarase cun máximo de 1 punto, restándose 0,05 puntos por falta cometida.

***Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 4 ou superior que se valorará con 1 punto.**

ORGANO DE SELECCION.

Presidente: D. Antonio José Álvarez Neira, director do Conservatorio de Música de Viveiro.

Suplente: D. Valentín Prieto Gómez, Profesor da Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo.

Vogais:

D. Luis Rodil Fernández, profesor do Conservatorio de Música de Viveiro.

Suplente: Dª. Sonia García Rodríguez, profesora do Conservatorio de Música de Viveiro.

D. Antonio Río Rodríguez, profesor do Conservatorio de Música de Viveiro.

Suplente: D. Martín Bucki, Profesor da Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo.

Secretario con voz e sen voto:

D. José Rodil Veiga, Técnico de Administración Xeral, Secretario en funcións da Corporación.

Suplente: D. José Antonio Carro Asorey, Secretario Xeral da Corporación.

DOCUMENTACION A PRESENTAR:

Impreso oficial de solicitude (que se facilitará nas oficinas Concello), DNI, xustificante dos requisitos esixidos (titulación/s, carné/s, etc.), relación de méritos alegados e xustificante acreditativo suficiente de cada un dos mesmos (deberá aportarse contrato/s ou certificado/s dos servizos prestados, curso/s realizado/s, etc.).

Toda esta documentación deberá achegarse polos interesados en orixinais e copia para a súa compulsa ou copia xa compulsada.

PRAZO DE PRESENTACIÓN, LUGAR E DATA DA SELECCIÓN: A solicitude e documentación presentarase como máximo ata as **14:00 horas do día 11 de decembro de 2019** no Rexistro Xeral de Entrada de documentos do Concello.

A selección realizarase o día **17 de decembro de 2019 ás 10:00 horas na Casa do Concello.**

Cod. Validación: 59P3LQRC3YS5HRJQXMPF2THLR | Corrección: http://ribadeo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 3 a 4

Os/as aspirantes que resulten seleccionados/as deberán, de xeito previo á sinatura do contrato laboral temporal, pasar recoñecemento médico procedente nos servizos médicos de prevención deste Concello co fin de acreditar non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións, sen cuxo requisito non se poderá formaliza-lo contrato de traballo.

Igualmente o/a aspirante seleccionado/a, unha vez asinado o contrato correspondente, quedará suxeito ao réxime de incompatibilidades nos termos establecidos na Lei 53/1984,de 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas e demais lexislación de aplicación.

Ribadeo, data sinatura electrónica,

O ALCALDE,

FERNANDO SUAREZ BARCIA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 59P3LQRC3YS5HRJQXMPF2THLR | Corrección: http://ribadeo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 4 a 4